

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona rural de interior, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña un, salvo no 4º curso de primaria, é dicir, ten 10 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 7 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no terceiro curso da etapa, polo que conta con oito anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de monte, o paso do camiño de Santiago, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o a biblioteca de centro.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	OS ESTADOS DA MATERIA	A materia, a súa composición e os seus cambios de estado e os cambios que produce a calor nos corpos, compoñen o núcleo desta unidade.	15	19	X		
2	A ENERXÍA E AS MÁQUINAS	Nesta unidade o alumnado accederá ao coñecemento sobre as enerxías renovables e non renovables, así como ao coñecementos das máquinas e o seu uso na vida cotiá.	15	21	X		
3	OS SERES VIVOS	Nesta unidade acercárase o alumnado aos reinos da natureza, coñecendo as súas características máis importantes para levar a cabo a clasificación dos mesmos.	15	12		X	
4	OS ANIMAIS	O eixe central da unidade son os animais e as súas características, así como a clasificación en animais vertebrados e invertebrados. Ademais, levarase a cabo un acercamento as diversas formas nas que realizan as funcións vitais.	20	19		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	AS PLANTAS.	As plantas e as súas características principais son os contidos principais desta unidade, onde coñeceremos como viven e como realizan as súas funcións vitais.	20	18			X
6	OS ECOSISTEMAS	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os elementos que conforman os ecosistemas e as relacións que os seres vivos establecen neles. Do mesmo xeito, tamén se tratarán exemplos de bos comportamentos cara o coidado da biodiversidade.	15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	OS ESTADOS DA MATERIA	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais.	PE	30
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Identificar as diferentes formas de produción da calor.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.

Contidos

- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	A ENERXÍA E AS MÁQUINAS	21

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer as fontes de enerxía máis importantes.	PE	40
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Recoñecer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoo en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas a través de experiencias sinxelas.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	OS SERES VIVOS	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza.	PE	35
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	TI	65
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	OS ANIMAIS	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e propiedades dos animais a través de metodoloxías de indagación.	PE	35
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.	TI	65
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, propoñendo accións para a súa conservación e mellora.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
5	AS PLANTAS.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e propiedades das plantas a través de metodoloxías de indagación.	PE	35
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, propoñendo accións para a súa conservación e mellora.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.	TI	65
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	OS ECOSISTEMAS	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel.	PE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Recoñecer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas	TI	55
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.
- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.
- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do

seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, na unidade 4 OS ANIMAIS, afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna identificando as características coas que se clasifican os animais máis próximos ao meu alumnado. Entre outras, realizaremos actividades de repaso dos contidos traballados empregando gamificación na aula e tarxetas identificativas con imaxes e texto que o alumnado terá que relacionar.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Así, nas diferentes unidades levaremos a cabo diferentes experimentos coa materia, co crecemento das plantas,...
Tamén na unidade 1 traballaremos os diferentes cambios de estado da materia, coñecendo de primeira man como cambia de estado a materia que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (contaminación, hábitos saudables, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Deste xeito, na unidade 1 realizarase un lapbook de maneira individual onde o alumnado recolla os datos que traballamos sobre a auga.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. O cal se porá en práctica na unidade 2 coa creación dunha máquina sinxela, ou na unidade 4, na que o alumnado elaborará carteis informativos sobre animais que están en perigo de extinción para axudarlle a comprender aos demais a importancia do seu coidado e que se colgarán na aula virtual.
Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos. Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais

Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Describir as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral ou escrita.
- Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes, empregando o Plickers.
- Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.
- Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	20	15	100
Proba escrita	30	40	35	35	35	45	36
Táboa de indicadores	70	60	65	65	65	55	64

Criterios de cualificación:

Para establecer a cualificación da materia téñense en conta os seguintes aspectos:

- Aprendizaxes adquiridas (60%) que se avaliarán a través da observación directa sobre os traballos da aula, utilizando para isto rexistro anecdótico; e as probas obxectivas orais e escritas.
- Traballo persoal (40%) que se avaliará a partir da observación directa sobre o traballo diario e se recollerá no rexistro anecdótico.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como

poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.			X	X	X	
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller?	X	X	X

Observacións:

Tódalas actividades irán adaptándose á temporalización e a oferta que vaia xurdindo ao longo de cursos, tengo novas oportunidades e modificando as aquí expostas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.

Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Procedementos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A presente programación didáctica (PD) está enmarcada no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar os preceptos recollidos nel á realidade do alumnado de 3º de primaria do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As pegadas do tempo	Proxecto de investigación baseado nas formas de vida e manifestacións artísticas da Prehistoria e da Idade Antiga. O tempo histórico. A acción das mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.	33	25	X		
2	A nosa Terra	Proxecto de investigación baseado no planeteta Terra (o clima e a paisaxe). Coñecemento do espazo (globo terráqueo, mapas, planos, Google Earth...). Estilos de vida sustentables.	33	25		X	
3	Vivir en Galicia	Proxecto de investigacións sobre aspectos relevantes da vida en sociedade (organización política e territorial de Galicia, igualdade de xénero e conduta non sexista, seguridade viaria...)	34	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As pegadas do tempo	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza os computadores de aula clase para a procura de información (individualmente e en equipo) e reelabora os contidos.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Participa de forma activa nos proxectos da Prehistoria e da Idade Antiga formulando preguntas e razoando as respostas.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Adquire vocabulario novo relacionado co proxecto.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Traballa en equipo de forma responsable e respectuosa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas sexistas e pon exemplos de modelos positivos.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Propón condutas respectuosas para o coidado, conservación e gozo do patrimonio cultural.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica feitos e aspectos relevantes da Prehistoria e da Idade Antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas, grupos sociais e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	A nosa Terra	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza os computadores de aula para a procura de información (individualmente e en equipo) e reelabora os contidos.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Participa de forma activa no proxecto que se está a desenvolver formulando preguntas e razoando as respostas.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Adquire vocabulario novo relacionado co proxecto.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Rexistra correctamente observacións e medicións dos experimentos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Traballa en equipo de forma responsable e respecta as normas de convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos relacionados co planeta Terra logo de ter investigado sobre eles.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Comprende as relacións que se establecen entre os diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Propón solucións para os problemas ecosociais.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas sexistas e pon exemplos de modelos positivos.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Propón condutas respectuosas para o coidado, conservación e gozo do patrimonio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en Galicia	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza os computadores de aula para a procura de información (individualmente e en equipo) e reelabora os contidos.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Participa de forma activa no proxecto que se está a desenvolver formulando preguntas e razoando as respostas.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Adquire vocabulario novo relacionado co proxecto.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Traballa en equipo de forma responsable e respecta as normas de convivencia.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analiza e a importancia das migracións na actualidade.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñece os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece as normas básicas dos peóns e dos usuarios de medios de locomoción e identifica os sinais de tráfico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, que serán levadas a cabo ao longo do curso.

A diferentes UD terán a entidade de proxectos e permitirán o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos de etapa. Ademais están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva

adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria. Nesta área traballárase principalmente a través do enfoque da Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP), cuxos aspectos principais son os seguintes:

- A función do profesorado é crear a situación de aprendizaxe que permita ao alumnado desenvolver o proxecto.
- Baséase nun deseño aberto e flexible adaptado ao ritmo do alumnado, polo que é inclusivo.
- A investigación forma parte imprescindible do proceso de aprendizaxe.
- Fomenta o traballo colaborativo e as destrezas sociais.
 - Permite o traballo interdisciplinar.

Por outra banda, durante as sesións desta área levaranse a cabo actividades relacionadas coa adquisición de técnicas de estudo: chuvia de ideas, subliñado, localización de palabras clave; elaboración de mapas mentais, de resumos e de táboas de datos; emprego de regras mnemotécnicas...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas para recoller información
Computadores de aula, encerado dixital e altofalantes
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Cartafol con aneis
Globo Terráqueo
Mapas e planisferios
Google Earth
Procesadores de texto
Libros da biblioteca de centro

Libros aportados polo alumnado

Calquera tipo de material relacionado co proxecto aportado polas familias

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de cada proxecto realizarase unha avaliación inicial baixo a pregunta Que sabemos? A docente anotará as respostas de cada alumno/a e, se estas non flúen, formulará cuestións que provoquen o movemento de ideas previas e participación de todos os membros do grupo. Noutras ocasións, serán os propios nenos e nenas quen as escriban para seren expostas no recuncho do proxecto.

A partir da información recollida e da súa interpretación, adaptarase o proceso de investigación ás características do alumnado tendo en conta as medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación da presente PD serán avaliados empregando diferentes táboas de indicadores: escalas de valoración para a corrección de traballos tanto individuais

como grupais ou rexistros de observación.

No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Ao desenvolverse unha única UD ou proxecto por trimestre, a nota de cada un será a resultante de aplicar os criterios de avaliación e cadanseus pesos (explicitados no apartado 3.3).

A cualificación numérica da avaliación ordinaria será o resultado da media aritmética das tres avaliacións.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, redondearase ao número enteiro inmediatamente inferior.

- Se o decimal está entre 5 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación ao final de cada proxecto, poderá recuperalos a principios do trimestre seguinte, agás no caso do terceiro, que sería na terceira semana de xuño. De ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia mediante correo electrónico, a través da axenda do alumnado ou do Abalar. Especificaranse aquele/s mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar.

- De especial importancia resultará trasladar esta información ao alumnado.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente, isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así, cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata dun criterio específico (p. ex.: un traballo que entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (p. ex.: capacidade de procura da información) que non foi quen de superar anteriormente, pero si no último trimestre, darase por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso, empregamos a Aprendizaxe Baseada en Proxectos como metodoloxía, xa que permite un deseño aberto e flexible adaptado á diversidade do alumnado.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe, levarase a cabo un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar co proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais. No caso de alumnado con altas capacidades atenderanse as súas necesidades con actividades de ampliación.

O alumnado procedente doutros países con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso, solicitarase levar a cabo a valoración polo DO para determinar o nivel curricular. Establecerase reforzo educativo, para o que non se precisa intervención do DO e traballarase o ámbito comunicativo. Dependendo da casuística do alumnado, cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable		X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas	Relacionadas con un ou varios proxectos de investigación desenvolvidos	X	X	X

Observacións:

O profesorado está aberto á oferta que regularmente chega ao centro, considerando aquelas opcións que teñen relación cos proxectos de investigación que se estean a desenvolver.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño dos proxectos aos elementos do currículo?
Adecuouse o deseño dos proxectos ás características do alumnado?
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas?
Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos?
Metodoloxía empregada
Empregouse a metodoloxía reflectida na PD?
A metodoloxía respondeu ás necesidades do alumnado?
Informouse ao alumnado daqueles aspectos nos que podía mellorar?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula permitiu o traballo cooperativo e colaborativo?
Os recursos empregados foron suficientes?
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade?
Foi posible dar ao alumnado unha atención individualizada?
Clima de traballo na aula
Logrouse un ambiente de traballo respectuoso e de confianza e seguridade para o alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias.?
Existiu coordinación entre o titor ou titora co resto de persoas implicadas na docencia deste grupo- clase?

Descrición:

Nos indicadores de logro empregaranse escalas do 1 ao 4, no que o 1 será

o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre revisarase a PD tendo en conta o cadro referido no apartado 8.1.

A información recollida incluírase nas correspondentes memorias finais da materia. Tamén se engadirá un punto no que se especifiquen propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	55
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	56
6. Medidas de atención á diversidade	58
7.1. Concreción dos elementos transversais	60
7.2. Actividades complementarias	62
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	63
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	64
9. Outros apartados	64

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento desenvolve unha Programación Didáctica (en adiante, PD) para a área de Educación Física (en adiante, EF) en 3º curso de Educación Primaria (en adiante, EP), realizada en base ao Proxecto Curricular do Centro e tendo en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de EP na comunidade autónoma de Galicia.

A área de EF debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento. É por iso, que na UD 2 e 8 se vai a levar a cabo un traballo de hábitos de vida saudables de forma transversal ao longo do curso.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de EP: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas. Pero a EF non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades que melloran e aumentan as posibilidades de movemento do alumnado, a través de patróns motores básicos que constitúen unha sólida base para o futuro. É por iso, que na UD 6 realízase diferentes niveis de saltos. Debe incidirse na coeducación e na igualdade de oportunidades para ambos sexos, como se pode apreciar nas distintas unidades didácticas levadas a cabo durante a PD.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día. É por iso, que na UD 3 ensínase ao alumnado a correr a ritmo, para fomentar, precisamente, o hábito de actividade física regular.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Esta PD ten en conta 2 principios moi importantes que aportan coherencia ao proceso de programar citados por Viciano (2002), o de xerarquización vertical (ir do xeral ao concreto, ir da normativa ao grupo clase pasando polo centro educativo) e o de xerarquización horizontal (ir do sinxelo ao difícil, do máis simple ao máis complexo), entre outros principios.

CONTEXTUALIZACIÓN

É importante realizar unha análise do contexto que nos vai a axudar a diagnosticar e poder establecer de forma correcta os obxectivos a conseguir. A análise realízase en base a 3 niveis de concreción curricular tal e como propón Viciano (2002) na súa obra "Planificar en EF", para poder desenvolver a PD con rigor e sentido pedagóxico.

O primeiro nivel de concreción, a normativa que rixe o Sistema Educativo, a nivel nacional e autonómico. En función da lexislación vixente a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (en adiante, LOMLOE) e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, a través da acción motriz, fundamental na nosa área, como se está alcanzando o obxectivo principal, que é o desenvolvemento integral, saudable e competencial do alumnado. É por iso, que se utilizan tarefas que impliquen ao alumnado na súa aprendizaxe, como é a creación dun circuito de habilidades motrices básicas de locomoción na UD 6. Ademais, na LOMLOE nun dos seus puntos fai alusión á conservación e respecto polo medio natural, tendo en conta entre outras, na UD 13 e UD 15.

No segundo nivel de concreción, o centro, a continuación presentase a modo de resumo as principais características do centro e da contorna, os documentos institucionais do centro (principais liñas pedagóxicas de actuación) e as características do alumnado a quen vai dirixida a PD, terceiro nivel de concreción.

O centro e a contorna:

- Centro: CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei
- Unidades: 3 unidades en EI e 7 unidades en EP
- Curso: 3ºA
- Nº alumnos/as: 20 nenas e nenos. Entre eles atopámonos un neno con asma e un neno cunha miocardiopatía, no apartado de atención á diversidade realízase un traballo máis concreto con eles.
- Contorna: o CEIP Mestre Rodríguez Xixirei atópase nunha zona rural (parroquia de Lavacolla), pertencente ao Concello de Santiago de Compostela aínda que recibe alumnado doutras parroquias do Concello e outros concellos limítrofes. As familias son dun nivel socioeconómico e cultural medio. Ademais ten como servizos complementarios: transporte escolar (gratuíto), servizo de comedor e de madrugadores xestionado polo Concello.
- Instalacións: o contexto físico do centro, referido a EF está dividido do seguinte xeito. Contamos cun ximnasio ou pavillón pequeno, unha pista exterior na que está instalada unha portería e outra pista exterior onde hai dúas canastras de baloncesto. E unha zona verde que nos ofrece a contorna que rodea ao centro.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00).

Documentos institucionais do centro:

Atendendo o Decreto 155/2022, os documentos institucionais do centro de EP, son os seguintes:

Do PEC, o cal se destacan as seguintes liñas pedagóxicas:

- Promover un estilo de vida activo e saudable (práctica de actividade física, hixiene corporal e postural, alimentación equilibrada, seguridade...), co obxecto de ter unha mellor calidade de vida presente e futura, por ese motivo, na PD o alumnado se asea despois de cada sesión.
- Mellorar a convivencia, é por iso que se establece a rutina educativa de resolución de conflitos menores.
- Fomentar a autonomía, a aprendizaxe cooperativa e o coidado do medio ambiente.

A liña metodolóxica do centro é dun traballo competencial, a aprendizaxe por competencias clave mediante modelos pedagóxicos, onde se utiliza a aprendizaxe cooperativa na UD 7 nos retos cooperativos de lanzamentos.

Características psicoevolutivas do alumnado de 3º curso (2º ciclo) de EP (8 a 10 anos):

- Ámbito cognitivo: atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.
- Ámbito motor: teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.
- Ámbito afectivo-social: nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezo o curso	UD destinada á presentación do alumnado e docente, así como tamén para establecer unha serie de rutinas que se seguirán ao	4	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezo o curso	longo de todas as sesións do curso en EF. É importante que se teñan presentes unhas normas básicas, que farán que as clases transcorran con normalidade.	4	5	X		
2	Manteño o meu corpo san	Nesta UD trataranse aspectos fundamentais que teñen que ver coa saúde, e que serán traballados noutras unidades ao longo do curso, como por exemplo: hidratación, alimentación saudable, hixiene postural e persoal...É un tema moi importante, polo que a súa transversalidade é patente e necesaria para a concienciación do alumnado.	6	3	X		
3	Estou en forma	Esta UD tratará máis aspectos relacionados coa saúde, en especial coas capacidades físicas (a resistencia, a carreira continua), a toma de pulsacións, a respiración (a respirar correctamente) e relaxación (técnicas básicas), contidos moi a ter en conta á hora de realizar calquera tipo de actividade física.	8	5	X		
4	Son coordinado	Esta UD está destinada a tratar aspectos como a percepción e estruturación espacio-temporal e a coordinación dinámica xeral moi importantes de cara ao posterior traballo das habilidades motrices básicas ao longo de todo o curso.	12	9	X		
5	Exprésome e doume a coñecer	Esta UD está destinada á toma de contacto por parte de alumnado coa expresión corporal. Aspecto pouco traballado normalmente, pero que axuda en gran medida a exteriorizar ideas, sentimentos, así como tamén a aceptación da súa realidade corporal diante dos demais, desterrando aspectos como a vergoña, introversión e timidez.	5	4	X		
6	Son áxil	Esta UD se traballan mediante xogos e circuitos as habilidades motrices básicas de locomoción (desprazamentos, saltos, e xiros).	7	5		X	
7	Teño puntería	Nesta UD empezaranse a tratar as habilidades motrices básicas manipulativas (lanzamentos e recepcións). A adquisición progresiva destas farase mediante xogos e actividades xogadas.	7	8		X	

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das UD. desta PD. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024:

- 1º TRIMESTRE (5 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final
- 2º TRIMESTRE (5 UD): 36 % equivalente a un 3,6 da nota final
- 3º TRIMESTRE (5 UD): 29 % equivalente a un 2,9 da nota final
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos criterios de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

En primeiro lugar, é conveniente definir o concepto de atención á diversidade, que segundo Arnáiz, P. (2003), é “o conxunto de intervencións que desde unha oferta curricular común, ofrece respostas adaptadas ao alumno”.

Así mesmo, é de gran importancia aclarar dous conceptos. O primeiro fai referencia ao concepto de inclusión, como “educación para todos” segundo a UNESCO (declaración de Salamanca, de 1994). Faise a modificación oportuna para que todas as persoas poidan facer a mesma tarefa. Débese diferenciar do concepto de integración (tarefas diferentes que realizan ao mesmo tempo). Por exemplo, na UD 6 propóñense diferentes niveis para traballar as habilidades motrices básicas e cada alumno e alumna realiza o nivel que considere, a tarefa é a mesma. O segundo concepto é o de equidade. Segundo a UNESCO defínese como “educar de acordo ás diferenzas e necesidades individuais, sen que as condicións económicas, demográficas, xeográficas, étnicas ou de xénero supoñan un impedimento”, é dicir, darlle a cada alumno e alumna o que necesite de acordo ao seu contexto. Débese diferenciar do concepto de igualdade (darlle a todos o mesmo). Por exemplo, na UD 3, o alumnado ten que aprender a manter de forma constante un ritmo de carreira durante 3 minutos. Cada un o seu. Un será máis rápido e outro máis lento, pero a evidencia que se vai a recoller é a regularidade mantida nos tempos por voltas. Estes dous conceptos non só se deben aplicar ás persoas cunha discapacidade, se non a todo o alumnado.

Igual que noutros apartados realízase unha análise seguindo o principio de xerarquización vertical de Viciano (2002).

No primeiro nivel de concreción, tanto a nivel nacional LOE e a LOMLOE, como autonómico, a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4, fálase de inclusión e equidade.

A LOMLOE recólle no seu preámbulo e respecta certos aspectos da LOE como é o apartado 1 do artigo 19, que fala de poñer especial énfase en garantir a inclusión educativa e o Título II sobre “Equidade en Educación”. Dentro do artigo 1 de principios e fins da educación, no seu apartado b), a LOMLOE di: “A equidade, que garanta a igualdade de oportunidade para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa...”.

Un exemplo, pódese apreciar nas primeiras unidades da PD onde se aprenderán xogos de inicio que se utilizarán ao longo do curso, onde non so se explicarán oralmente senón que se colocarán fichas coa explicación do xogo e a representación gráfica nas paredes do pavillón para que todo o alumnado poda acudir a el no caso de necesidade.

Deste modo, se está respectando o principio I do DUA “Proporcionar múltiples forma de representación”. Outro exemplo, na UD 6 á hora de traballar os desprazamentos, propoñendo diferentes niveis e cada alumna e alumno realiza o nivel que considere.

Máis aló da normativa nacional e autonómica, ao desenvolver a programación nun centro tense que atender o que se estableza no mesmo, o segundo nivel de concreción. Neste sentido, o PEC establécese que hai que utilizar metodoloxías que respecten a inclusión como é o caso da AC. É por iso, que na UD 3 e 6 utilizarase a AC como forma de favorecer a inclusión de todo o alumnado.

Doutra banda, establécese no PEC, no Plan Xeral de Atención á Diversidade, que a persoa que realice a orientación debe asesorar na aplicación das diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade, polo que unha vez ao trimestre, pedirase unha reunión para que nos oriente e valóranse conxuntamente as medidas que presenta este alumnado, preferiblemente o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo ou o alumnado con Necesidades Educativas Especiais. No noso grupo-clase non hai ningún alumnado que necesite este tipo de atención, pero poida que preséntese ao longo do curso.

Unha vez analizados o primeiro e segundo nivel, fálase do terceiro nivel de concreción. Este afecta o grupo-clase, é dicir as medidas específicas que se van a tomar co alumnado. Débense resaltar 3 grupos ao que atender:

1. Alumnado que require adaptacións puntuais en función da unidade didáctica (atención educativa ordinaria). É un tipo de atención á diversidade baseada en crenzas, inseguridades, medo, falta de confianza... que ten o propio alumnado e que ven reflectidas, en maior ou menor medida, en función de que actividades abórdanse na clase. É frecuente que haxa actividades que por algún motivo, o alumnado vese limitado e non necesariamente é por unha lesión puntual, nin por ningún tipo de discapacidade permanente.

2. Alumnado que require adaptacións por enfermidade aguda (atención educativa diferente á ordinaria). Segundo Melloni, J. (1983), enténdese por enfermidade aguda, “aquela que ten un inicio e un fin claramente definidos e é de curta duración (menos de tres meses)”. As máis frecuentes na idade escolar son: escordaduras, roturas ou fisuras óseas, bronquites ou gastroenterites aguda, apendicite, etc. Este casos preséntase dun día para outro, non se sabe nada de cando se producen. Así, para abordar este tipo de atención débese focalizar a atención en 2 liñas:

A. Como se verá afectado o grupo e que se vai a facer. O obxectivo con respecto ao grupo clase será utilizar unha situación puntual dun compañeiro de clase para educar en valores (axudándoo e sensibilizándose), primeiros auxilios (usar un broncodilatador no caso dunha bronquite aguda) e medidas de seguridade (dependerá moito do tipo de enfermidade aguda).

B. Como se verá afectado o alumnado e como se vai a actuar. Con respecto ao alumnado afectado en si, ao non saber exactamente de que se trata falarase de forma xeral, facendo alusión a 4 “pancas” de adaptación principalmente.

- Redefinir os obxectivos modificándoos e adaptándoos á nova situación do alumnado.
- En relación á metodoloxía, farase fincapé no traballo cooperativo, ou utilizar o micro ensino, sendo o alumnado un dos “docentes”.
- A nivel da tarefa motriz, pódense realizar adaptacións dalgúns elementos. Nos primeiros días, pola novidade, será difícil incluílo no grupo, polo que se pode propoñer algunha tarefa alternativa (integración), sen esquecer que hai que tender á inclusión.
- Os recursos materiais será outra “panca” que se utilizará para a adaptación.

En base a estas 4 pancas, e o tipo de caso, poderanse desenvolver as diferentes adaptacións. Algunhas modificacións terán máis sentido que outras en función do tempo de duración da enfermidade aguda. Se a duración é dun par de días, quizais non haxa que modificar os obxectivos nin a metodoloxía, senón os recursos materiais e as tarefas, pero se a enfermidade aguda prolóngase máis no tempo, entón si se poden tocar outras pancas. Se a enfermidade aguda prolóngase algunhas semanas ou mesmo meses, realizarase un plan de adaptación, informarase o titor ou titora e á familia de como se vai a incluír ao alumnado nas clases.

3. Alumnado con atención á diversidade de forma permanente (atención educativa diferente á ordinaria). Neste grupo entra a tradicional atención á diversidade. Persoas que presentan capacidades diversas de forma permanente, e que requiren de adaptacións permanentes.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no Capítulo IV, artigo 41, poden ser por unha banda medidas ordinarias (non significativas) e medidas extraordinarias (significativas). Por dicilo de forma sinxela, se existe desfaseamento con respecto ao grupo (requirirase dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos servizos de orientación educativa) e modifícanse os obxectivos e criterios de avaliación son medidas extraordinarias (adaptacións significativas).

Para abordar este apartado farémolo a 3 niveis: análise da necesidade educativa, adaptacións xerais e adaptacións específicas. No grupo-clase hai un alumno con asma e outro cunha miocardiopatía.

Necesidade educativa: a asma é unha enfermidade crónica que provoca a inflamación das vías respiratorias dos pulmóns, isto fai que se inchen e estréitense. Por iso presenta dificultade para respirar como sibilancias, falta de alento, opresión no peito e tose.

Adaptacións xerais: ao non requirir unha adaptación significativa vai estar totalmente integrado nas clases de EF. Iso

si, tanto o alumno como o docente terán que ter en conta certos aspectos nas clases de EF:

- A intensidade do exercicio e o tempo de realización. Por exemplo na UD 4 e 6 onde se realizan diferentes circuitos e o alumno realizaos ao seu ritmo, con máis tempo de recuperación se o necesita, para pasar dunha estación a outra.
- Hai que ter moi presente os cambios bruscos de temperatura, ao comezo de curso e no mes de maio coas actividades no exterior preto das árbores.

Se se dese unha crise asmática seguirase o seguinte protocolo de actuación:

1. Mostrarlle tranquilidade e avisar ao docente.
2. Non deixar só o alumno. Buscar un sitio tranquilo mentres un compañeiro tráelle o inhalador da súa bolsa de aseo.
3. Que empece o tratamento canto antes.
4. Adminístrase 4 puf do inhalador con cada puf ten que respirar suave e profundo.
5. Non se deixa só o alumno, esperar 4 minutos e valorar a súa melloría.
6. Se non hai melloría, repetir o paso 4 e 5.
7. Se non mellora chamar aos servizos de urxencias a través de alerta escolar.

Adaptacións específicas: ademais das recomendacións xerais, terase que ter especial coidado co alumno, na UD 3 na aprendizaxe da toma de pulsacións para controlar a intensidade pódese producir unha crise asmática e así regular o ritmo de carreira continua ao seu ritmo de frecuencia cardíaca. Recoméndaselle utilizar un pulsómetro.

Tamén na UD 9 e 11. Onde se realizan diferentes situacións xogadas ou no xogo adaptado (modificado). Se se atopa canso poderá adquirir outro rol dentro do xogo durante un tempo determinado, para poder descansar. Por exemplo de observador, de árbitro ou de docente (explicar unha tarefa).

Necesidade educativa: a miocardiopatía é unha enfermidade do músculo cardíaco que fai que o corazón lle coste máis bombear sangue ao resto do corpo.

Adaptacións xerais: ao non requirir unha adaptación significativa vai estar totalmente integrado nas clases de EF. Iso si, tanto o alumno como o docente terán que ter en conta certos aspectos nas clases de EF:

- Non facer actividades que requiran un esforzo extremo.
- Facer pausas e hidratarse.

Adaptacións específicas: ademais das recomendacións xerais, terase que ter especial coidado co alumno, na UD 3 na aprendizaxe da toma de pulsacións para controlar a intensidade e así regular o ritmo de carreira continua ao seu ritmo de frecuencia cardíaca. Recoméndaselle utilizar un pulsómetro.

Tamén na UD 4, 6, 9 e 11. Onde se realizan diferentes circuitos e situacións xogadas ou no xogo adaptado. Se se atopa cansa poderá adquirir outro rol dentro do xogo durante un tempo determinado, para poder descansar. Por exemplo de observador, de árbitro ou de docente (explicar unha tarefa).

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X							
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X							
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial						X		
ET.6 - Educación Ambiental								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora							X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita							X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental					X	X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A EP, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en EI como en EP, a actuación do docente e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativas está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na LOMLOE e no Decreto 155/2022 traballaremos os elementos transversais presentados a continuación: comprensión lectora, expresión oral e escrita, educación emocional e en valores, igualdade entre homes e mulleres, educación vial, educación ambiental, educación para a saúde, fomento da creatividade e autonomía, prevención e resolución pacífica de conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares. Programa movete + e aliméntate ben.	X	X	X
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.	X	X	X
Día da Paz	Realizárase unha xornada de actividades e de retos cooperativos.		X	
Día Mundial da Saúde	Realización de actividade física e alimentación san.		X	
Día das Letras Galegas	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais.			X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizárase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a EF temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O docente de EF, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da PD.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da PD.

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación...
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

No curso de 3º de primaria a materia de Educación Plástica e Visual impártese en inglés dentro do proxecto de plurilingüismo do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.

A maior dificultade segue sendo que o alumnado empregue o Inglés como lingua de comunicación. A través deste plantexamento preténdese aumentar o seu contacto coa lingua estranxeira utilizala nun contexto real.

Esta área permite un achegamento desde outro enfoque á lingua estranxeira, xa que o alumnado en xeral disfruta das actividades plásticas e visuais e o inglés só actúa como vehículo de transmisión, non como obxecto de estudo en si mesmo.

Por todo isto, pensamos que a incorporación dunha lingua estranxeira falada na Unión Europea na ensinanza dalgunha das materias non lingüísticas ofertadas polo centro, pode ser de moita utilidade para o noso alumnado.

Á hora de abordar a Educación Plástica e Visual, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico, posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa.

Permite así, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Esta materia permite traballar de forma transversal, a conexión natural con outras materias do currículo. É por isto que a metodoloxía desenvolvida ao longo do curso estará íntimamente relacionada cos proxectos que levaremos a cabo na aula de inglés e o proxecto anual do centro, así coma determinadas celebracións destacadas coma Halloween, Christmas ou Easter. O traballo cooperativo terase como elemento básico de desenvolvemento das diferentes sesións, xa que o entendemos como a forma máis integradora para atender á diversidade de aula e polos seus beneficios non solo a nivel da materia senón na adquisición de destrezas interpersonales.

Darémolle tamén importancia á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, facendo unha exposición dos mesmos sempre que sexa posible, xa que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas e, por isto, tentamos introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facer fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As liñas	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	18	7	X		
2	As profesións	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	18	6		X	
3	Pinceladas	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	24	5			X
4	As grandes pintoras galegas.	Esta UD inicia o alumnado na vida e obra	40	17	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	As grandes pintoras galegas.	de algunhas das máis importantes pintoras galegas. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As liñas	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza, empregando a regra, escuadro e cartabón, rectas paralelas e perpendiculares.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun mural grupal (combinando técnicas de picado, encartado e pegado) respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Emprega a cuadrícula no ordenador como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Continúa series con motivos xeométricos no ordenador. Realiza composicións empregando formas xeométricas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as TIC para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a procura de material para a creación dun mural grupal.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece e valora o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo a través do ordenador e valora a precisión dos resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo

Contidos

- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	As profesións	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece as imaxes fixas e en movemento no seu entorno.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coñece algunha das profesións dos ámbitos artísticos. Recoñece as características do traballo de profesionais da artesanía.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha fotomontaxe grupal sobre as profesións traballadas na aula, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as producións creadas por diferentes profesionais artísticos.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Realiza no ordenador as súas composicións organizando o espazo e buscando a proporción entre persoas e obxectos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Secuencia no ordenador unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón dun cómic.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.

Contidos

- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Pinceladas	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos nas súas composicións.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza composicións plásticas con diferentes técnicas de debuxo partindo de contidos traballados en unidades anteriores (puntillismo, acuarela, témpera...).		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha pinacoteca grupal de autorretratos, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes con diferentes técnicas artísticas e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza no ordenador o espazo das súas producións empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de paisaxes.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	As grandes pintoras galegas.	17

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándolas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes de algunhas das pintoras galegas.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica e sitúa no mapa algunhas cidades de grandes pintoras.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Le e comprende frases relacionadas coa vida das artistas galegas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración dun mural.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Memoriza e recita fragmentos de poemas moi sinxelos relacionados coas obras de arte.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes das obras das pintoras traballadas na aula.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con pintoras relevantes galegas mediante xogos e/ou xeroglíficos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e interésase polas producións dos demais.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Completa descrições de cadros propostos coas palabras aprendidas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na realización da sinatura do artista.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas audicións e cos vídeos relacionados coa vida e obra dalgunha das autoras.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

Contidos

- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.

- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, gravación, etc.
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Bloc de debuxo e cartolinas
Materiais de reciclaxe.
Regra

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual é a propia aula da titoría, polo que todos os materiais estarán debidamente ordenados e localizados polo alumnado.

No momento da redacción deste documento, conta cun único ordenador conectado á pantalla dixital, polo que o traballo de aspectos audiovisuais vese limitado nun grupo de 19 alumnos e alumnas.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...) e no que tamén estarán os blocs de debuxo e mailas carpetas da materia de Educación plástica.

No caso de precisarse, na sala de fotocopias hai un caixón no que se recollen tódolos materiais de plástica da sección bilingüe e que están a disposición ao uso das necesidades da aula.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumando farase responsable do coidado e limpeza da súa zona de traballo, así como do coidado e recollida do material utilizado durante a sesión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso poderán xurdir novas actividades complementarias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

Os indicadores de logro serán avaliados cunha escala do 1 ao 4, no que o 1 indica o valor mínimo e o 4, o máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

A presente programación didáctica (PD) está enmarcada no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar os preceptos recollidos nel á realidade do alumnado de 3º de primaria do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei unha vez realizada a avaliación inicial ao longo do mes de setembro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cuántos cuentos contamos	Lectura individual e acompañada, con entoación e ritmo adecuados Comprensión escrita de distintos tipos de texto Comprensión oral Expresión oral: presentación dun tema de libre elección Expresión escrita: texto narrativo (conto), o diálogo e a descrición Clases de palabras: o substantivo (xénero e número), o adxectivo Letras, sílabas, palabras Sinónimos e antónimos Ortografía básica Signos de puntuación: punto e seguido e coma	20	54	X		
2	Poesía viva	Lectura individual e acompañada, con entoación e ritmo adecuados Comprensión escrita de distintos tipos de texto Comprensión oral Expresión oral: recitado de poemas, retahílas Expresión escrita: texto expositivo informativo (científico e noticia), poesía Clases de palabras: palabras que acompañan o substantivo (artigos determinados e indeterminados) Palabras simples e palabras compostas Ortografía básica Signos de puntuación: puntos suspensivos, dous puntos	20	54		X	
3	Lo nuestro es puro teatro	Lectura individual e acompañada, con entoación e ritmo adecuados Comprensión escrita de distintos tipos de texto Comprensión oral Expresión oral: dramatización de texto teatral Expresión escrita: elaboración de cartaces, anuncios e pequenos cómics Clases de palabras: verbo e pronomes Palabras derivadas: diminutivos e aumentativos Familias de palabras	60	32			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Lo nuestro es puro teatro	Ortografía básica Signos de puntuación	60	32			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cuántos cuentos contamos	54

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa interese polas distintas linguas de Galicia.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende textos orais: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Adquire novo vocabulario a partir das situacións de aprendizaxe dadas.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica o contido máis relevante dun texto oral.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa de forma activa en interaccións orais e escoita e faino respectando as normas básicas de cortesía lingüística.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase con coherencia.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Emprega a lingua con respecto cara ás demais persoas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Aplica as estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso en situación de conflito.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le en voz alta distintos tipos de texto con entoación e ritmo axeitados ao desenvolvemento cognitivo.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos escritos adaptados á súa idade: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e anticipa hipóteses de textos de diversa tipoloxía.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza textos escritos para extraer normas de ortografía e novo vocabulario.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Amosa interese pola lectura participando de forma activa no tempo do proxecto lector.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos sinxelos en formato borrador seguindo estratexias sinxelas dadas.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora textos escritos coherentes (individuais e colectivos): narración (contos), diálogos e descrições, integrando recursos gráficos ou paratextuais.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Respecta as normas básicas das bibliotecas de aula e de centro.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Participa en interaccións orais valorando de forma crítica diferentes tipos de mensaxes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información de distintas fontes		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Coñece a organización da biblioteca de centro e é quen de localizar os libros que lle interesan.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Comprende que é preciso realizar un uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Le de forma autónoma textos de diversas fontes.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa activamente nas lecturas colectivas e nas actividades que se extraen delas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Realiza recomendacións lectoras a partir da propia experiencia.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Elixo na biblioteca textos literarios axeitados á súa idade.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica a biblioteca de aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Le diversos textos e identifica a súa tipoloxía (narrativo, poema, diálogo, descrición).		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos sinxelos (narracións, poemas, descricións ou diálogos) a partir de modelos dados.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Nomea semellanzas e diferenzas entre o galego e o castelán.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Aplica nos seus textos as normas de ortografía básicas e coida a presentación.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Corrixe os propios textos logo de telos revisado de maneira acompañada.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica o substantivo (xénero e número) e o adxectivo como clases de palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto:

Contidos

- mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
2	Poesía viva	54

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Valora a pluralidade lingüística como fonte de riqueza cultural.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación.	Rexeita os usos discriminatorios da comunicación e amosa unha valoración equilibrada das dúas linguas oficiais empregándoas indistintamente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende textos orais: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Emprega o vocabulario novo.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica a información máis relevante dun texto oral.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase con coherencia.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos adaptados á súa idade: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos sinxelos en formato borrador seguindo estratexias sinxelas dadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información de distintas fontes.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Realiza exposicións orais de temas de interese persoal sobre os que realizou unha tarefa de investigación de forma acompañada.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de forma autónoma textos de diversos autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Realiza recomendacións lectoras a partir da propia experiencia.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Elixo, na biblioteca, lecturas en lingua galega demostrando así o seu valor pola lingua.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica a biblioteca de aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Crea textos literarios en prosa ou en verso con sentido estético e creatividade.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Le diversos textos e identifica a súa tipoloxía (expositivo-informativo e poema).		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos sinxelos (textos expositivos, informativos e poemas) a partir de modelos dados.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria: uso de sinónimos para evitar repeticións, uso de metáforas e comparacións.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Aplica nos seus textos as normas de ortografía básicas e coida a presentación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa respecto pola lingua galega tratando de empregala coa maior corrección posible.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todas as persoas.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende textos orais en galego: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa de forma activa en interaccións orais e escoita e faíno respectando as normas básicas de cortesía lingüística.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase con coherencia na lingua galega.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Aplica as estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso en situación de conflito.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le en voz alta distintos tipos de texto con entoación e ritmo axeitados ao desenvolvemento cognitivo.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos escritos en galego adaptados á súa idade: ideas principais, mensaxes explícitas e mensaxes implícitas.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e anticipa hipóteses de textos de diversa tipoloxía.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza textos escritos para extraer normas de ortografía e novo vocabulario.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Amosa interese pola lectura participando de forma activa no tempo do proxecto lector.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos escritos sinxelos en formato borrador seguindo estratexias sinxelas dadas.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora textos escritos coherentes (individuais e colectivos): narración (contos), diálogos e descrições, integrando recursos gráficos ou paratextuais.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Respecta as normas básicas das bibliotecas de aula e de centro.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Participa en interaccións orais valorando de forma crítica diferentes tipos de mensaxes.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Localiza e selecciona información de distintas fontes.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona información de distintas fontes citándoas e recreándoas.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Coñece a organización da biblioteca de centro e é quen de localizar os libros que lle interesan.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Comprende que é preciso realizar un uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de forma autónoma textos de diversas fontes.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa activamente nas lecturas colectivas e nas actividades que se extraen delas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le de forma autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.	Elixo, na biblioteca, lecturas en lingua galega demostrando así o seu valor pola lingua.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica a biblioteca de aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos sinxelos (narracións, poemas, descricións ou diálogos) a partir de modelos dados.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria: uso de sinónimos para evitar repeticións.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Nomea semellanzas e diferenzas entre o galego e o castelán.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Aplica nos seus textos as normas de ortografía básicas e coida a presentación.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Explica as funcións das clases de palabras (substantivos, adxectivos e verbos) dentro da oración e as relacións que se establecen entre elas.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Corrixe os propios textos logo de telos revisado de maneira acompañada.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica o substantivo (xénero e número) e o adxectivo, o verbo e os artigos como clases de palabras.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire o novo vocabulario presentado a través de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.
- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.

Contidos

- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, que serán levadas a cabo ao longo do curso.

As diferentes UD's relacionaranse directamente cos proxectos da área de Ciencias Sociais, compartindo así os aspectos relacionados coa investigación e uso das tecnoloxías para a procura de información.

Durante a realización da avaliación inicial detectouse unha dificultade xeralizada do alumnado para se expresar en lingua galega, polo que se fará especial fincapé no desenvolvemento da expresión oral. Para isto, empregaranse os seguintes recursos metodolóxicos:

- A participación na asemblea como espazo que permite a expresión de experiencias persoais, de gustos, preferencias, a formulación de conxecturas e hipóteses...
- A lectura de textos que fomenten a adquisición de novo vocabulario para o alumnado.
- A tradición oral: ditos, recitados e cancións.
- O teatro como vehículo para adquirir destrezas específicas de pronuncia e entoación axeitadas, así como fluidez na fala.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Vídeos didácticos
Ordenador de aula e proxector
Dicionario de lingua galega
Murais ortográficos e de vocabulario

Recursos fotocopiabables
Recursos na rede
Xogos didácticos
Biblioteca escolar de aula e do centro
Material funxible
Aula virtual do centro
Biblioteca
Textos de diferentes tipoloxías

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 3º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso.

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .

Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

1.- Intercambio de información do equipo educativo:

- Repeticións e materias pendentes doutros cursos.
- Atención á diversidade: discapacidades psíquicas, motóricas, sensoriais, trastornos grave de conducta.
- Dificultades de aprendizaxe: intelixencia límite, déficit de atención, hiperactividade, dislexia, dificultades específicas.

- Altas capacidades: talento, superdotado.

- Compensación educativa: medio social desfavorecido, escolarización irregular, absentismo, risco de abandono escolar, medidas xudiciais ou de protección.

- Incorporación tardía ao sistema educativo: alumnado procedente do estranxeiro ou sen escolarizar.

- Outros aspectos: intereses, enfermidades, aspectos familiares.

2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.

3.- Probas escritas e orais.

4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto as aprendizaxes).

5.- Entrevistas individuais aos alumnos (formais e informais mediante preguntas na clase) e as familias.

6.- Simulación de situacións, debates.

7.- Resultados das probas iniciais.

8.- Proposta de medidas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	60	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación da presente PD serán avaliados empregando diferentes táboas de indicadores: escalas de valoración para a corrección de traballos tanto individuais como grupais ou para o rexistros de observación.

No caso de haber alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Ao desenvolverse unha única UD ou proxecto por trimestre, a nota de cada un será a resultante de aplicar os criterios de avaliación e cadanseus pesos (explicitados no apartado 3.3).

A cualificación numérica da avaliación ordinaria será o resultado da media ponderada da avaliación dos tres trimestres:

- 1º trimestre: 20%
- 2º trimestre: 20%
- 3º trimestre: 60%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, redondearase ao número enteiro inmediatamente inferior.
- Se o decimal está entre 5 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

A materia de Lingua galega rexerá polo principio de avaliación continua, polo que o alumnado que non supere os obxectivos mínimos do 1º e/ou 2º trimestre, poderá recuperalos ao longo de todo o curso. Para isto, realizarase unha labor de reforzo educativo do que se informará á familia.

6. Medidas de atención á diversidade

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe, levarase a cabo un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar co proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais.

No caso de alumnado con altas capacidades atenderanse as súas necesidades con actividades de ampliación.

O alumnado procedente doutros países con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso, solicitarase levar a cabo a valoración polo DO para determinar o nivel curricular. Establecerase reforzo educativo, para o que non se precisa intervención do DO e traballarase o ámbito comunicativo. Dependendo da casuística do alumnado, cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.		X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).		X	

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de biblioteca	Contacontos, animación á lectura, teatro.	X	X	X
Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística.	Samaín, Magosto, Nadal, Día de Rosalía de Castro, Semana das Letras Galegas	X	X	X
Saída ao teatro	Obra titulada "Ninja"		X	

Observacións:

O profesorado está aberto á oferta que regularmente chega ao centro, considerando aquelas opcións que teñen relación cos proxectos de investigación que se estean a desenvolver e que se relacionan directamente con esta materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño dos proxectos aos elementos do currículo?
Adecuouse o deseño dos proxectos ás características do alumnado?
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas?
Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos?
Metodoloxía empregada
Empregouse a metodoloxía reflectida na PD?
A metodoloxía respondeu ás necesidades do alumnado?
Informouse ao alumnado daqueles aspectos nos que podía mellorar?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos empregados foron suficientes?
A organización da aula permitiu o traballo cooperativo e colaborativo?
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade?
Foi posible dar ao alumnado unha atención individualizada?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias.?
Existiu coordinación entre o titor ou titora co resto de persoas implicadas na docencia deste grupo- clase?

Descrición:

Nos indicadores de logro empregaranse escalas do 1 ao 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tras o remate de cada trimestre revisarase a PD tendo en conta o cadro referido no apartado 8.1. A información recollida incluírase nas correspondentes memorias finais da materia. Tamén se engadirá un punto no que se especifiquen propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

O CEIP Mestre Rodríguez Xixirei ubícase nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela. Trátase dun centro de liña 1, agás no 4º nivel que vén de ser desdoblado en dous grupos. O de 3º, a quen vai dirixida esta programación, conta este ano con 19 alumnos e alumnas.

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada neste documento; elaborado pola docente que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado. Por iso, seguirase o enfoque OAOA (outros algoritmos para as operacións matemáticas) co que este grupo de alumnado leva traballando desde 1º de primaria.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Detectives matemáticos	<p>Trátase dun proxecto anual baseado no enfoque OAOA que pretende a mellora do razoamento lóxico-matemático do alumnado; así como a súa autonomía moral e intelectual, xerando un pensamento crítico e reflexivo na súa aprendizaxe. Levaranse a cabo actividades que permitan aos nenos e nenas descubrir e establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas, de aí o título do proxecto . Favorecerase o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evitarase abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Para todo isto, usaranse recursos diversos - a través do traballo en equipo- recoñecendo as achegas de mulleres e</p>	100	140	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Detectives matemáticos	homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ...	100	140	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Detectives matemáticos	140

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Manter unha actitude positiva ante os retos.	TI	100
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Utilizar diferentes estratexias para chegar á comprensión das preguntas dun problema.		
CA1.3 - Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Empregar esquemas, diagramas, gráficos de barras... para axudarse na resolución de problemas.		
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tenteo, uso de material manipulativo, uso de esquemas ou debuxos...		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver situacións problematizadas de forma correcta.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Identificar patróns, estruturas e regularidades; así como de características, relacións e propiedades de obxectos.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar a calculadora para a autocorrección dos algoritmos que levan á resolución dun problema.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Identificar elementos matemáticos noutras áreas e na vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir as responsabilidades individuais asignadas.		
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tenteo, uso de material manipulativo, uso de esquemas ou debuxos...		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver situacións problematizadas de forma correcta.		
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar se a resposta final dada á pregunta do problema garda unha lóxica.		
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Interpretar situacións e contextos diferentes por medio da interrelación de conceptos e procedementos.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Identificar elementos matemáticos noutras áreas e na vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Transmitir a información matemática cun vocabulario axeitado.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir as responsabilidades individuais asignadas.		
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Empregar esquemas, diagramas, gráficos de barras... para axudarse na resolución de problemas.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tenteo, uso de material manipulativo, uso de esquemas ou debuxos...		
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Analizar e organizar os datos e a pregunta dun problema como paso previo á súa resolución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Interpretar situacións e contextos diferentes por medio da interrelación de conceptos e procedementos.		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Identificar elementos matemáticos noutras áreas e na vida cotiá.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe	Transmitir a información matemática cun vocabulario axeitado.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Pedir axuda cando se precise.		
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Empregar esquemas, diagramas, gráficos de barras... para axudarse na resolución de problemas.		
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tenteo, uso de material manipulativo, uso de esquemas ou debuxos...		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver situacións problematizadas de forma correcta.		
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Identificar patróns, estruturas e regularidades; así como de características, relacións e propiedades de obxectos.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Analizar e organizar os datos e a pregunta dun problema como paso previo á súa resolución.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar a calculadora para a autocorrección dos algoritmos que levan á resolución dun problema.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Interpretar situacións e contextos diferentes por medio da interrelación de conceptos e procedementos.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo de forma activa e respectuosa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Utilizar diferentes estratexias para chegar á comprensión das preguntas dun problema.		
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tenteo, uso de material manipulativo, uso de esquemas ou debuxos...		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver situacións problematizadas de forma correcta.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Poñer exemplos de problemas que se resolven de forma matemática.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Identificar elementos matemáticos noutras áreas e na vida cotiá.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Transmitir a información matemática cun vocabulario axeitado.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Pedir axuda cando se precise.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Manter unha actitude positiva ante os retos.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo de forma activa e respectuosa.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir as responsabilidades individuais asignadas.		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Identificar patróns, estruturas e regularidades; así como de características, relacións e propiedades de obxectos.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Interpretar situacións e contextos diferentes por medio da interrelación de conceptos e procedementos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Identificar elementos matemáticos noutras áreas e na vida cotiá.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade <ul style="list-style-type: none"> - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 9 999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros). - Estimación razoada de cantidades ata o 9 999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Estratexias manipulativas e gráficas para a comprensión da división como repartición, agrupamentos ou fraccionamento en situacións de resolución de problemas en contextos reais, previas á utilización do algoritmo por comparación dos procedementos. - Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso. - Relacións

Contidos

- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9 999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9 999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiáns.
- Educación financeira
 - Identificación e experimentación en problemas da vida cotiá que requiran administración do diñeiro, fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
 - Estimación do gasto que se vai realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar en situacións de compra simulada, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
 - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes, con verificación do resultado e aceptación da necesidade de rectificar en función do erro.
- Magnitude
 - Identificación e exemplificación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempos) mediante a observación da realidade próxima.
 - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiáns.
 - Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiáns e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.
 - Lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.
- Medición
 - Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.
 - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.
- Estimación e relacións
 - Experimentación, comparación, ordenación, composición, descomposición e expresión das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
 - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
 - Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
 - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
 - Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.
 - Identificación e clasificación de corpos xeométricos (cubos, prismas e pirámides) en obxectos e imaxes da súa contorna, explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións.

Contidos

- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación.
- Interpretación, descrición e representación da posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda).
- Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado.
- Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo.
- Movementos e transformacións
- Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.
- Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos.
- Organización e análise de datos
- Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas.

Contidos

- Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Incerteza
- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que intervén o azar.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.
- Recoñecemento das contribucións de mulleres e homes en matemáticas e a súa achega a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía basearase no enfoque OAOA (Outros algoritmos para as operacións aritméticas) co que non só se pretende renovar os algoritmos tradicionais (ATOA), senón tamén englobar todos os aspectos que teñen que ver coa área de matemáticas: numeración, estimación, cálculo, medida, xeometría, estatística, azar e probabilidade, resolución de problemas...

OAOA ten como obxectivo primeiro desenvolver o pensamento lóxico matemático e a capacidade para a resolución de problemas. Para isto será fundamental comprender as propiedades e as relacións entre operacións. Con todo, non é unha prioridade aprender a facer contas con números grandes e pouco habituais, para iso empregarase a calculadora. Todas as actividades que se realizan perseguen o desenvolvemento do cálculo mental con cantidades cotiás e contextualizadas.

Este plantexamento permite que os nenos e nenas exploren novos camiños, potenciando a estimación, e deste xeito desenvolver as súas propias estratexias de cálculo. Por isto, atende á diversidade, pois foxe do pensamento único

que promoven os algoritmos tradicionais. Busca un cálculo con sentido e significado, evitando que o alumnado sexa un mero reprodutor pasivo de operacións mecánicas.

O proceso de aprendizaxe pasará por tres etapas:

1. Manipulativa: utilizamos obxectos da vida real ou materiais didácticos para promover a exploración e a investigación; tamén para modelizar e concretar as ideas matemáticas con maior claridade. Para isto precísanse materiais manipulativos como regretas, calculadora, bloques multibase, panel numérico, bloques lóxicos, policubos, xeoplanos, tangram, instrumentos de medida...
2. Gráfica ou icónica: representamos a través de debuxos, diagramas e esquemas as ideas matemáticas que se van construíndo a través da manipulación.
3. Simbólica: escribimos coa linguaxe matemáticas todas as ideas adquiridas mediante a manipulación e a representación.

Neste proceso de aprendizaxe porase en valor o dereito a equivocarnos, o erro como fonte de aprendizaxe. Crearemos un ambiente no que o alumnado se sentirá seguro, aumentando así a súa autoconfianza, autoestima e perseveranza.

Manterase unha distribución da aula en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos; pois a interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións...

As mesas do alumnado estarán organizadas en equipos de entre 4 e 5 persoas e de xeito que quede un espazo amplo no chan, ao fondo da aula, para asembleas, actividades de movemento, traballos de gran formato...

O material manipulativo atoparase nun moble de estantes, organizado e etiquetado, accesible ao alumnado.

En asemblea e de forma periódica, realizaremos autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:

- o Que aprendín?
- o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
- o Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, xeoplanos, policubos, regretas, dienes base 10, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira, billetes e moedas, ...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas, garavanzos, ...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de área.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra
Fichas de elaboración propia
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, ordenador e PDI
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados, ao longo do mes de setembro, levarase a cabo un proceso de avaliación inicial no que se empregarán procedementos como a observación, análise de producións do alumnado e intercambios orais-debates-entrevistas.

Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os ítem ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Preténdese contar con información do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumno ou alumna en particular. Cómpre saber que sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Tamén se obterán datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

Tratarase de definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios. Tamén concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada proposta de traballo realizarase unha avaliación inicial durante a que serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación da presente PD serán avaliados empregando diferentes táboas de indicadores: escalas de valoración para a corrección de traballos tanto individuais como grupais ou para o rexistros de observación. No caso de haber alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. Ao desenvolverse unha única UD ou proxecto por trimestre, a nota de cada un será a resultante de aplicar os criterios de avaliación e cadanseus pesos (explicitados no apartado 3.3). A cualificación numérica da avaliación ordinaria será o resultado da media ponderada da avaliación dos tres trimestres:

- 1º trimestre: 20% - 2º trimestre: 20% - 3º trimestre: 60%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49, redondearase ao número enteiro inmediatamente inferior.

- Se o decimal está entre 5 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior. En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste apartado teremos en conta todos os aspectos recollidos na Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para

o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito, optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de

procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X
ET.6 - Espí-rito cientí-fico	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.9 - Educación para a Paz	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursión de fin de curso	Planificación da saída (custos, tempos de desprazamento...)			X

Observacións:

Neste apartado explíctase unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Por outra banda, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Adecuouse o deseño do proxecto a partir dos elementos do currículo.
- Adecuouse o deseño do proxecto ás características do alumnado.
- Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
Metodoloxía empregada
- Empregouse a metodoloxía reflectida na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- A organización da aula permitiu o traballo cooperativo e colaborativo.
Medidas de atención á diversidade
- Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
- Empregáronse recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade.
Clima de traballo na aula
- Logrouse un ambiente de traballo respectuoso, de confianza e de seguridade para o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Contouse co apoio e implicación das familias.
- Existiu coordinación entre o titor ou titora co resto de persoas implicadas na docencia deste grupo- clase.

Descrición:

En todos os indicadores emprégase a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016292	CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

1. Introducción

Con esta programación de música queremos ofrecer ao alumnado un modo de contemplar o mundo e de adquirir un coñecemento máis completo e estruturado do mesmo, o que contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias básicas e, de forma substancial, á competencia cultural e artística.

O obxectivo deste área é desenvolver no alumnado a percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica. A música é un vehículo de transmisión de cultura e un soporte que permite o coñecemento de elementos propios dunha linguaxe cun código altamente especializado, das que as bases se asentán durante estes cursos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A escala musical.	Canción: "A escala musical". As calidades do son: timbre, altura, duración e intensidade. As figuras musicais e as notas. O compás de 2/4. As notas no pentagrama. Cancións fruta. Os instrumentos da orquestra. Música con estilo: O rock. Baile: "Na festa de Monterrei". Audición: "Pedro e o lobo"(S. Prokofiev).	16	5	X		
2	Monstros e demáis.	Canción: "Monstros e demáis". A voz humana. A nota FA no pentagrama. Os instrumentos de percusión de láminas. Instrumentos de corda fretada. Ritmograma: "Pizzicati (Ballet Sylvia) Léo Delibes. Sentimentos que che suxire a música. Canción fruta. Audición: "Danza da fada do azucre "(Peter Ilich Tchaikovsky.	14	5	X		
3	Que lle daremos ao Neno?	Canción:"Que lle daremos ao Neno?". O compás de 3/4. Interpretamos ritmos de tres tempos. Ritmograma: "O valse das flores"(Tchaikovsky). A nota DO' no pentagrama. Os instrumentos de corda percutida e punteada. Baile: "O abeto está baleiro". Canción fruta. Partitura non convencional. Audición: "Paseo en zorra"(Leopold Mozart).	14	5	X		
4	O inverno chegou xa.	Canción: "O inverno chegou xa".As figuras musicais: a redonda. A nota RE no pentagrama. Compases incompletos. Os instrumentos de vento-madeira. Cantamos e bailamos : Eram sam sam. Audición: "O carnaval dos animais.(C.Saint-Saëns).A música e a animación. Baile: danza xaponesa. Musicograma: Badinerie(J.S. Bach)	14	5		X	
5	Bon jour.	Canción: "Bon jour". Baile: "Tiaia,tia".O compás de 4/4. Audición: "Marcha do coronel Hatchi"(O libro da selva). Música tradicional galega. A nota DO¿no pentagrama. Canción fruta. Os instrumentos de vento-metal.Audición: "Star Wars"(John Willians).	14	5		X	
6	Spring is here.	Canción: "Spring is here". Música non convencional. A música folk en Galicia. Traballamos ritmos. Canción fruta. Audición: "Os paxaros"(C.Saint-Saëns). Danza norueguesa nº2 (Edvard Grieg). Instrumentos do mundo.	14	5			X
7	Chingolelé.	Canción: "Chingolelé". Canción fruta. Música con estilo: O jazz. Audición: "Jazz pizzicato"(L.Anderson). O ukelele.	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A escala musical.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visual e auditivamente, clasifica, describe e representa elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utiliza elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Contidos

- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Monstros e demais.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	TI	100
